



Federación de Traballadores
do Ensino
Comisión Executiva Nacional

Membro fundador da IE e afiliado ó CSEE

Comunicado de Prensa

UN INICIO DE CURSO ATÍPICO E CONFLICTIVO

Perante o inicio do presente curso escolar 2009/2010, a Federación do Ensino da UGT de Galicia, quere dar a coñecer a correspondente valoración, ao igual que o fixo en edicións anteriores.

MARCADO POR ACTITUDES CONTRA O PROFESORADO

Non se recorda un inicio de curso con tan alto nivel de conflictividade provocada por unha actitude negativa e mesmo de costas ó profesorado.

Dende que este equipo directivo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria tomou posesión dos seus cargos amosou unha actitude contraria á colexiación, á negociación e o consenso, ninguneando e vulnerando a normativa legal sobre negociación colectiva dos traballadores e traballadoras do ensino.

Difícilmente a Consellería poderá dicir a clásica cantinela: “o curso dou comezo con normalidade”.

A verdade constatable é que este curso comeza nunha situación anormal, relacionemos o panorama de conflitos e problemas:

01.- Restrición na dotación de profesorado ós centros.

02.- Diminución nun 30% de profesorado especialista de atención á diversidade(PT e AL).



03.-Incumprimento do capítulo I dos orzamentos da Consellería de Educación para o ano 2009.

04.- Flagrante incumprimento do programa electoral do partido político que goberna a Xunta en materia educativa e de persoal.

05.- Ataque directo para debilitar e deteriorar as ensinanzas de idiomas, reducindo plantillas e suprimindo oferta educativa.

06.- Redución e adelgazamento dos efectivos que xestionan a formación permanente do profesorado, eliminado máis do 20% dos asesores e asesoras de formación, por procedementos ilexítimos e sen respectar os principios de transparencia, mérito e capacidade.

07.-Colapso na Mesa Sectorial Docente con tres plantes pola actitude irrespectuosa, autoritaria e ilegal dos representantes da administración educativa hacia os representantes legais do profesorado.

08.-Xudicialización das relacións laborais con varios contenciosos-administrativos presentados contra a Consellería.

09.-Folga masiva nas EOI.

Poderíamos seguir enumerando problemas e conflitos que están xurdindo neste inicio de curso como non se teñen visto nunca.

PERSISTEN OS VELLOSO PROBLEMAS DE INICIO

Nin sequera nos libramos dos clásicos problemas derivados da negligencia das administracións: Xunta e concellos, estamos a nos referir á cantidade de centros que non están listos para comezar a actividade lectiva en condicións normais por mor do retraso nas obras de reparación, reposición ou/e mellora das instalacións. Notamos que neste curso o retraso é aínda máis acentuado.



OBSESIÓN POLOS CAMBIOS HACIA ATRÁS

Observamos con preocupación como se trata de dismantelar e mesmo frear os avances logrados en cursos anteriores.

-Avances na formación permanente do profesorado.

-Avances nas condicións de traballo.

-Avances na axilidade e operatividade do Consello Escolar de Galicia e no Consello Galego da FP.

-Avances na atención á diversidade.

Esta Consellería parece que pretende prantexar boicot á LOE e ó seu desenvolvemento. Utilizando como pretexto a crise económica e a falla de fondos, suprime as aportacións económicas para a realización de cursos e actividades de formación continua do profesorado que viñan realizando as OOSS e os movementos de renovación pedagóxica, suprime a asesoría do Consello Escolar de Galicia para amordazar na práctica este órgano de participación e consulta da comunidade escolar de Galicia, anula a actuación do Consello Galego de FP, non convoca o Observatorio da Convivencia Escolar de Galicia e apártase todos os acordos sobre convivencia escolar, en cambio emite unha circular para que os centros tomen medidas decimonónicas de atención á diversidade do alumnado, institucionalizando as "aulas de castigo".

Vemos na Consellería unha obsesión por cambiar todo, o que viña funcionando ben ou mal: decreto de galego, libros de texto, calendario escolar, inspección, currículos, módulos de FP, oferta de bacharelato, etc.

A RECTIFICACIÓN É IMPRESCINDIBLE

Sabemos que a Consellería dispón dun cadro de cargos e técnicos competentes, capacitados para xestionar o servizo público da educación de forma adecuada e cumprindo as leis, sen embargo a súa curta traxectoria, ó fronte da



Comunicado de Prensa

Consellería é lamentable. Por isto, instamos ó Sr. Conselleiro e ó seu equipo a un cambio de actitude, baseado en rectificar, rectificación que lle agradecerán todos os sectores da comunidade educativa, pois todos eles amósanse disconformes da política educativa que practica esta nova consellería.

Aproveitamos esta ocasión para desexar ó profesorado e alumnado un curso próspero e cheo de parabéns.

Agradecemos ós medios a resposta a esta convocatoria.

Santiago, a 15 de setembro de 2009.

Raúl Gomez Farto
SECRETARÍA DE PÚBLICA DE FETE-UGT/GALICIA